



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## Romance: O conde cego

*IV 2e*

Érguete, mi madre,  
deixe de dormir-e,  
veña a ve-lo cego  
cantar e pedire.

Que se cante pide  
dálle pan e viño  
i ese pobre cego  
pono no camiño.

“Nin lle quero pan-he  
nin lle quero viño,  
quérolle a súa filla  
que veña connigo”.

“Como hei de ir contigo  
si estou en faldriñas,  
como hei de ir contigo,  
cego de mi vida”.

“Si estás en faldriñas  
e eu así te quero  
si has de se-la miña  
yo lograrte espero”.

## Arrolo

Durme tu meu neno  
durme tu meu ben  
que la gracia de Dios  
todos manten

E ru ru  
e ru ru  
cunha tranca no cú  
dormen os nenos  
dormirás tú.